

INSTRUCCIÓN 1/2018 QUE REGULA A TRAMITACIÓN E O PAGAMENTO DE DESPRAZAMENTOS A OUTRA LOCALIDADE QUE SE REALICEN COMO CONSECUCENCIA DE IMPARTIR DOCENCIA PARA O CURSO ACADÉMICO 2018/19

Como consecuencia da planificación docente é preciso que parte do profesorado se desprace, indistintamente, entre A Coruña e Ferrol. Para compensar os gastos ocasionados por estes desprazamentos, dítase a presente instrución co fin de que poidan percibirse a correspondente indemnización por gastos de viaxe, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. O motivo do desprazamento deberá ser impartir docencia en materias de titulacións oficiais, nun centro da Universidade da Coruña situado nunha localidade distinta ao seu lugar habitual de traballo: A Coruña ou Ferrol. So se aboarán os gastos de viaxe correspondentes aos desprazamentos.

Para os efectos desta instrución enténdese que o lugar habitual de traballo será aquel en que o/a profesor/a teña maior carga docente segundo o POD para o curso académico 2018/19, e sempre que se cumpra o establecido no punto 2.7 do Procedemento para a elaboración do Plan de Organización Docente 2018/19 (aprobado en Consello de Goberno do 26/04/2018).

2. Teñen dereito a percibir a indemnización por gastos de viaxe, aqueles/as profesores/as que estean incluídos no ANEXO I (Folla de Previsión de Gastos de Desprazamentos) e ANEXO II (Proposta do Departamento). Estes documentos poderán ser enviados á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente para a súa autorización **ata o 28 de setembro de 2018 (incluído).**

Importante: A utilización dun medio de transporte distinto ao automóbil particular ten que ser autorizado expresamente. A solicitude de autorización deberá remitirse previamente ao correo vppd@udc.es da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente.

3. Por motivos orzamentarios, enviarase un ANEXO I-Exercicio 2018 e un ANEXO I-Exercicio 2019.
4. De existir saldo na partida orzamentaria do departamento do exercicio 2018 e que corresponda ao curso 2017/18 como consecuencia de gastos que non van a ser realizados, indicarse na cuadrícula (b) **unicamente do ANEXO I-Exercicio 2018** e restarase do total da previsión. A cantidade autorizada será a resultante de dita compensación. Poderanse descontar os pagos pendentes de tramitar correspondentes ao curso académico 2017/18 (incorpórase a cuadrícula (c) no Anexo I-Exercicio 2018).
5. Para o cálculo dos desprazamentos, o período das clases axustarase ao calendario académico da UDC para o curso académico 2018/19, aprobado polo Consello de Goberno de 25 de abril de 2018, e que se pode atopar no seguinte enlace:

https://www.udc.es/export/sites/udc/galeria_down/ensino/gaos/calendario_academico/201819_Calendario_ac_gal.pdf_2063069239.pdf

Non se pagarán os gastos por desprazamentos fóra do período en que se imparte a materia, nin viaxes correspondentes a días non lectivos. Con todo, si se poden incluír os desprazamentos como consecuencia da celebración e revisión de exames, respectando as seguintes limitacións:

- Aboarase un desprazamento (ida e volta) por materia e convocatoria co fin de realizar os exames correspondentes.

Código Seguro De Verificación	bH1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	03/09/2018 23:17:03
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bH1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==		



- Só se pagará un desprazamento por convocatoria para a revisión de exames, polo que no caso de impartir mais dunha materia noutra localidade deberá fixarse o mesmo día de revisión para todas elas.
- Non se pagarán desprazamentos por sinatura de actas. O profesorado deberá seguir o procedemento de sinatura electrónica de actas. Pódese consultar o procedemento de sinatura electrónica en:

<http://www.udc.es/aspau/sinaturaelectronica/>

- Non se pagarán desprazamentos por titorías fóra dos días das clases. Os horarios de titorías adecuaranse aos mesmos días dos desprazamentos por clases.
 - Nas materias sen docencia con dereito a exame dos plans de estudos en extinción autorizaranse o pagamento dos desprazamentos por exames e revisión de exames do xeito indicado nos puntos anteriores. Para a sinatura das actas seguirase o procedemento de sinatura electrónica.
 - Pola titoría de traballos de fin de grao ou fin de mestrado, poderanse solicitar a indemnización de ata 4 días como máximo por cuadrimestre (independentemente do número de traballos titorizados), o resto das titorías deberán coincidir cos días en que se impartan as clases.
 - Pola participación en tribunais de traballos fin de grao ou fin de mestrado terase dereito a un desprazamento por cada convocatoria que figura no calendario académico. Estas indemnizacións por gastos de viaxe tramitaranse pola Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente trala xustificación da necesidade da composición do tribunal con profesorado dunha localidade distinta á do centro onde se realice a defensa. Os centros deberán cubrir o ANEXO III e remitir o arquivo á vicerreitoría (vppd@udc.gal). Unha vez finalizada a participación no tribunal remitirase o impreso de Indemnizacións por razón do servizo.
6. Dende a Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente, solicitaráselle á Xerencia a dotación da cantidade autorizada na correspondente partida orzamentaria do departamento. A vicerreitoría devolverá o ANEXO I autorizado ao departamento.
 7. Unha vez que o departamento reciba o ANEXO I autorizado iniciará a liquidación dos gastos que correspondan utilizando o impreso de Indemnizacións por razón do servizo do persoal da Universidade da Coruña, recollido na Resolución reitoral do 22 de febreiro de 2017 (Sede Electrónica UDC do 24/02/2017).
 8. O gasto imputarase mensualmente con cargo á partida orzamentaria que previamente se dote no departamento.
 9. O profesorado cubrirá o impreso de Indemnizacións por razón do servizo:
 - 9.1. Cubrirase o apartado 1 "Orde de Servizo", previamente ao inicio da realización do servizo, que estará asinado polo/a director/a do departamento, que comprobará que o/a profesor/a está incluído na relación a que fai referencia o ANEXO I desta instrución.
 - 9.2. Unha vez efectuados os desprazamentos correspondentes a un mes que fora autorizado, o/a comisionado/a deberá entregar na UADI do departamento o impreso de indemnización na primeira semana do mes seguinte, xunto cos xustificantes orixinais de autoestrada ou billetes dos outros medios de transporte autorizados, de ser o caso.

Código Seguro De Verificación	bh1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==		
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	03/09/2018 23:17:03
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bh1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==		



- 9.3. O/A director/a do departamento asinará a súa conformidade co servizo realizado e entregárase o impreso ao/á responsable de asuntos económicos do centro, xunto cunha copia do ANEXO I desta instrución, o/a cal imputará o gasto á partida orzamentaria do departamento dotada para esta finalidade.
10. En relación coa tramitación das indemnizacións correspondentes aos meses de novembro 2018 e decembro 2018, deberá seguirse o establecido na instrución para regular as operacións de cerramento do exercicio 2018 que no seu día estableza a xerencia. É importante que se teñan en conta as datas de cerramento do exercicio co fin de que os expedientes estean en fase ADO/O e formalizar a reserva de crédito para as indemnizacións que deban imputarse ao crédito inicial do exercicio 2019.

A Coruña, 03 de setembro de 2018

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	bh1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==		
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	03/09/2018 23:17:03
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bh1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==		
		Páxina	3/6



ANEXO I

CURSO ACADÉMICO 2018/19
PREVISIÓN GASTOS DE DESPRAZAMENTO POR IMPARTICIÓN DE DOCENCIA

GASTOS CORRESPONDENTES AO ANO _____

D. _____ director/a do

Departamento _____

empresado na Facultade/Escola _____

Con motivo dos desprazamentos que se realicen a outra localidade para impartir docencia e de conformidade coa Instrución 1/2018 da Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente que regula a tramitación e o pagamento de desprazamentos a outra localidade que se realicen como consecuencia de impartir docencia para o curso académico 2018/19, propónse a dotación da/s seguintes partida/s orzamentaria/s para cubrir os gastos que se orixinen por eses desprazamentos:

Axudas de custo a Ferrol/A Coruña. Gastos de viaxe PDI funcionario: _____,422D.23107

Axudas de custo a Ferrol/A Coruña. Gastos de viaxe PDI laboral: _____,422D.23108

Relaciónanse a continuación o profesorado que teñen a necesidade de desprazarse a outra localidade distinta ao seu lugar de traballo:

PDI FUNCIONARIO	Localidade desprazamento	N.º de viaxes (1)	Importe (1) x 52 x 0,19 (2)	Importe dos xustificantes (3) (4)	Importe total (5)
Importe total dos desprazamentos (a)					
Saldo actual da partida restante do curso 2016/17 (b)					
Pagos pendentes de tramitar do ano 2017 (c)					
TOTAL a-(b-c)					

PDI LABORAL	Localidade desprazamento	N.º de viaxes (1)	Importe (1) x 52 x 0,19 (2)	Importe dos xustificantes (3) (4)	Importe total (5)
Importe total dos desprazamentos (a)					
Saldo actual da partida restante do curso 2016/17 (b)					
Pagos pendentes de tramitar do ano 2017 (c)					
TOTAL a-(b-c)					

- Notas: (1) Terase en conta que a ida e a volta representan dúas viaxes.
 (2) Resultado de multiplicar o N.º de viaxes (1) por 52 Km e polo prezo por Km (0,19 €/Km)
 (3) Resultado da suma dos xustificantes de autoestrada (2018: 4,50 €; 2018: estimación 4,7 €). O punto 4 da RR do 22/2/2017 establece o uso obrigatorio da autoestrada.
 (4) Debe incluírse neste apartado o importe dos billetes no caso de empregar un medio de locomoción distinto ao automóbil particular. Neste caso non é necesario cubrir o cadros que fan referencia ao importe dos Km (2).
 (5) Resultado da suma Importe (2) + Importe total dos xustificantes (3)(4).

A Coruña, de _____ de 20
O/A director/a do Departamento

A Coruña, de _____ de 20
Autorízase a dotación orzamentaria
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Asdo. _____

Asdo. _____

Código Seguro De Verificación	bh1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal		Asinado	03/09/2018 23:17:03
Observacións			Páxina	4/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bh1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==			



ANEXO II

CURSO ACADÉMICO 2018/19 PROPOSTA DO PROFESOR/A QUE IMPARTE DOCENCIA EN FERROL/A CORUÑA

NOME DO PROFESOR/A:

DEPARTAMENTO:

CAMPUS AO QUE SE DESPRAZA:

1ª. MATERIA QUE IMPARTE:

- . Materia con docencia?(si/non):
- . Código da materia no POD:
- . Nome da materia:
- . Nº de **horas** a impartir:
- . Materia anual ou cuadrimestral?:
(De ser cuadrimestral, indícase se a imparte no 1º ou no 2º cuadrimestre)
- . Horario das clases:
Dende o ____ de ____ de 20__ ata o ____ de ____ de 20__
Nº de días de clase á semana:
Duración horas semanais:
Horario das clases:

Luns:	Martes:	Mércores:	Xoves:	Venres:

(seguir cubrindo este punto só de ser necesario por variacións no horario anterior)

Dende o ____ de ____ de 20__ ata o ____ de ____ de 20__

Nº de días de clase á semana:

Duración horas semanais:

Horario das clases:

Luns:	Martes:	Mércores:	Xoves:	Venres:

- . Nº de desprazamentos, como consecuencia de exames:

. **Nº TOTAL DE DESPRAZAMENTOS*:**

2ª. MATERIA QUE IMPARTE:

- . Materia con docencia? (si/non):
- . Código da materia no POD:
- . Nome da materia:
- . Nº de **horas** a impartir:
- . Materia anual ou cuadrimestral:
(De ser cuadrimestral, indícase se a imparte no 1º ou no 2º cuadrimestre)
- . Horario das clases:
Dende o ____ de ____ de 20__ ata o ____ de ____ de 20__
Nº de días de clase á semana:
Duración horas semanais:
Horario das clases:

Luns:	Martes:	Mércores:	Xoves:	Venres:

(seguir cubrindo este punto só de ser necesario por variacións no horario anterior)

Dende o ____ de ____ de 20__ ata o ____ de ____ de 20__

Nº de días de clase á semana:

Duración horas semanais:

Horario das clases:

Luns:	Martes:	Mércores:	Xoves:	Venres:

- . Nº de desprazamentos, como consecuencia de exames:

. **Nº TOTAL DE DESPRAZAMENTOS*:**

A Coruña/Ferrol, (data)

(Asinar polo/a profesor/a)

*Para contabilizar os desprazamentos debe terse en conta que cada día de clase inclúe dous desprazamentos (ida/volta)

NOTAS:

DÉBESE ACHEGAR UN ANEXO II POR CADA PROFESOR/A

ENGADIR AS PÁXINAS QUE SEXAN NECESARIAS PARA INCLUIR A TOTALIDADE DAS MATERIAS

Código Seguro De Verificación	bH1LH6FRfEzBCHKFDHIypA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	03/09/2018 23:17:03
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bH1LH6FRfEzBCHKFDHIypA==		



ANEXO III

**IMPRESO COMPLEMENTARIO DE EXPEDIENTE DE GASTO REFERIDO A
DESPRAZAMENTOS**

MOTIVO:

ÓRGANO QUE AUTORIZA:

Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente

PERSOA AUTORIZADA:

DURACIÓN OU PERIODO DO DESPRAZAMENTO:

A Coruña, de de
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Alberto Valderruten Vidal

SR. XERENTE

Código Seguro De Verificación	bH1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	03/09/2018 23:17:03
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bH1LH6FRfEzBCHKfDHIypA==		

